

A Eſfinxe

Vin como o cazou. Desde a miña cómoda posición seguin todo o proceso paso a paso. Para el foi doado, via-se claramente que era un ser superior, perfectamente dotado para ese tipo de caza. Aquelas patas firmes e poderosas, armadas de fortes unllas, pousaron-se sobre a cabeza da presa apreixando-a contra a madeira. Deixou-na patalexar longo tempo, talvez divertindo-se cos seus esforzos, que sabia inúteis. Por veces soltaba-a e permitia que se erguese e que escapase, para decontado volver cair sobre ela. Finalmente, estricou o pescozo, abriu a boca e espetou-lle na fronte unha especie de aguillón, sen dúbida provisto de veneno. A vítima estremeceu-se vivamente uns segundos e despois, de súbito, parou. Entón o cazador enganchou-na coa boca e botou a andar. Andaba lixeiro, parecía que non lle custaba traballo camiñar con aquel estorvo. Impresionado, admirei a súa forza, o seu poder. Admirei a súa mandíbula implacábel, as súas resistentes patas, aquel abdome longo e pesado, arrastando-se, e sen embargo invulnerábel baixo aquela couraza negra, como metálica, terríbel.

Corrin á cociña a por un vaso. Tornei á mesa e puxen-lle-lo enriba. Foi fácil. O becho estaba tan ocupado arrastando a súa presa que nen se percatara da miña presenza. Aínda agora, tardaría algun tempo en coñecer a súa verdadeira situación. Andou

unha boa migalla a dar voltas arredor, abeirado contra o borde do vaso, como buscando unha saída. Movia-se mecanicamente, parecía talvez convencido de que o que lle ocorria era inverosímil. Nalgun momento abandonou a captura para seguir xirando, tanteando coas patas dianteiras, coas antenas, coa boca. Probou a subir polas paredes; agapear polo vidro non lle era dificultoso. Baixou, enganchou a presa e trepou de novo. Pensaría que dera ao fin coa saída do cárcere? Se foi iso o que pensou non tardou en desenganar-se. Eu aproveitei para buscar unha nova perspectiva na miña observación. Con sumo cuidado dei volta ao vaso e cobrin-no co cristal dunha lupa que atopei no escritóριο. Era xustamente da medida da sua boca. A lente, convenientemente enfocada, permitia-me ver agrandadas as faccións do animal. Era francamente monstruoso. A cabeza era o máis monstruoso, dunha perfeizón case comovedora, rotundamente armada, con duas pinzas móveis que tanteaban no ar, a boca con várias fileiras de dentes, se se lles podía chamar así, e aqueles ollos grandes, imensos, globulosos e cuarteados, fixos contra min como imáns. Talvez a lupa magnificaba tamén a miña cara para el ao agrandá-la. Que podía ver? Que podía sentir ante a miña presenza? O tórax inchaba e desinchaba por debaixo da negra couraza. Ao seu lado, o insecto cazado semellaba moito máis inócuo, inclusive espertaba certa simpatía, pobre, derrotado e tirado, ali no fondo do vaso. Aínda que, ben pensado, quen me dicia a min que el mesmo, antes de ser capturado, non viña, ledó e fachendoso, de realizar a sua própria captura? O monstro permanecía parado na parede de vidro, a un dedo da lupa. Levaba longos minutos así, tenso, estático como unha esfínxe. Pensei se estaría a repoñer forzas ou se ensaiaría algunha sorte de ioga para ceivar-se da angústia do encerro, ou se simplemente era o seu xeito de estar alerta á espreita de que aparece o inimigo. Agardei. Impacientei-me e enredei a petar contra o vaso, movin-no, inclusive me permitin afastar a lupa deixando aberta

a saída. Sentin-me singularmente malévolo cando aproximei o vaso á fiestra, por onde entraba espléndido o sol, e enfoqueei a lupa para que os raios queimasen algo o grosso abdome do becho. Nen así se moveu. Era asombroso.

Afinal cansei de todo aquilo, pero decidin levar o insecto á Facultade. Habia clase de Bioloxía ás seis. Non me sentia con ganas de aturá-la, e como era fácil embaucar o profesor se lle levabas algunha curiosidade con vida para examinar, a captura viña-me a propósito. Así que tapei o vaso cun papel albal, puxen a chaqueta, collin os libros e fun á porta. Abrin, e cando quixen cruzar o umbral notei que algo me impedía avanzar. A porta estaba aberta, a rua chea de coches e xente, como sempre, pero eu non era capaz de saír. Algo se interpuña entre a porta e eu, un algo invisíbel pero firme. Era como unha superficie lisa, cun tacto denso e visgoso á vez, e frío, moi frío. Aquilo era absurdo. Tiven que pensar que estaría a soñar. Non soñaba, así que probei outra vez. Inútil. O veu invisíbel facía-me recuar canto máis quería avanzar. Intentei-no, sen cre-lo de todo, pola porta de saída traseira, a que dá á garaxe. Exactamente igual. Aquilo estaba tamén ali. Asustado, corrín á fiestra. Abrin para pedir axuda. Quizais me tomasen por tolo, pero que podía facer? Subin a persiana de todo, abrin as contras, quixen asomar-me, pero tampouco puđen asomar-me. A cousa non me deixaba. A xente seguía a circular pola rua e ninguén parecía ouvir os meus berros desde nengunha das fiestras da casa. Un que se parou, atraído polos meus acenos desesperados, debeu-me tomar a broma porque fixo unha burla sarcástica e logo continuou como se nada. Pensei, si, no telefone. Marquei primeiro o número da policía, logo o dos bombeiros, logo o duns parentes caisquer. En todos os casos ouvia o sinal, ouvia como descolgaban e como preguntaban. E eu dicía-lles, pero eles seguían preguntando, como se non me ouvisen a min. Colguei.

Era demencial. Quixen probar por última vez a sair pola porta. Talvez todo fora un capricho do meu subconsciente, unha suxestión, e xa tería pasado. Fun. A porta estaba aberta como a deixara. Esta vez sain sen dificultades. Respirei tranquilo.

Ao lonxe vin vir o autobus. Debía apurar se quería collé-lo na parada, e ese era o último para chegar a tempo á clase. Esquecera-me do vaso co becho, pero daba-me igual. Corrin. E aos poucos pasos de novo choqueei con algo. Aquela cousa estaba ali. Volvin atrás, desesperado, chiando, e outra vez a barreira imposíbel. Facia-me andar en círculo, só en círculo podía mover-me. Parecia claro que alguén se estaba a divertir comigo. Pero non o ia permitir. Non sei durante canto tempo aínda me esforcei por rebelar-me. Petaba e patalexaba e berraba até enrouquecer. Até que consumin as forzas e a coraxe. Agora xa non me esforzo. Agora, na miña nova casa, deixo-me estar, impasíbel, como unha esfínxe. E agardo.

O Heroi

Abel F. leu nun xornal cómo un xoven salvou a vida dun cativo no curso dun incéndio nun grande edificio da 17^a Avenue, no barrio de Meinscott, en New York, USA. Salvou-no, ante a tardanza dos bombeiros e a iminencia do derrube do edificio, collendo-o entre os seus brazos e saltando con el á rua desde un sexto andar. Apesar de cair sobre o toldo dunha floristeria ubicada nos baixos, o xoven mancou-se nas pernas e nos cadrís, ademais de esnaquizar varias costelas; pero a vida do pequeno salvou-se. A prensa do dia destacaba a fazaña en grandes titulares nas páxinas interiores, acompañando fotografía do salvador e máis do salvado.

Abel F. sentía subir con forza o sangue polas veas mentres repasaba a nota. Canto máis o pensaba máis incríbel lle parecía. Perguntaba-se se el sería quen de facer algo así nunha circunstancia semellante. Un sexto andar! Pero, por máis que trataba de poñer-se no caso, non conseguía imaxinar-se nun fragoroso incéndio nun xigantesco edificio da 17^a Avenue en Meinscott, N.Y., USA.

A dúbida acompañou-no todo o día e parte da noite, mentres non conciliou o sono. E permaneceu nel aínda varias semanas. Aonde quer que fose levaba o recorte da noticia no panta-

lón e por veces sacaba-a e relia-a. De tan sobada que estaba, afinal as letras e as fotos acabaron por borrar-se, pero daquela Abel F. xa non a necesitaba ler, pois tiña-a gravada na memoria.

Entretanto, a súa vida transcorria, como desde que recordaba, monótona e sinxela. O seu traballo de repartidor nunha empresa de móbiles raramente lle deparaba imprevistos que aguilloasen certa capacidade de aventura que sempre sospeitou posuir. As horas libres entretiña-as en ir ao cinema ou revisar as páxinas dos xornais ou ler novelas, sobretodo de ficción, canto máis inverosímiles mellor; ou contentaba-se con soñar cos ollos abertos agarimado á barra dun bar. Así que a súa mente foi ocupando-se con outras historias sucesivas e, ao cabo dalgun tempo, aquela que tanto o comovera acabou por esquecer-se-lle. Pero, transcorridos uns meses máis, un día inesperado volveu-lle de novo á mente. Foi lendo outra noticia da prensa local: reseñaba-se a inauguración dun edificio de vinte e dous pisos, o máis alto construído até entón na cidade. Vinte e dous pisos, tiña que ser impresionante. Seria capaz o heroi americano de realizar a súa fazaña desde unha altura de vinte e dous pisos?

O edificio quedaba situado no polígono residencial de Cardelle, no arrabaldo norde. Abel F. foi alá no primeiro autobús da mañá. Había unha boa morea de xente a curiosar a mole con faces de incredulidade. Abel paseou entre eles. Detivo-se na beirarrua de enfrente para contemplar a gosto. Demorou-se na fileira de cristais do sexto andar. De alí pasou ao sétimo e logo ao oitavo. Pero tornou atrás. Mirou ben. Alí estaba el. Patético, sublime, sentado no marco da fiestra, cunha perna colgando fóra e o neno deitado entre os brazos. Está agardando a que chegue axuda, ou talvez non se atreve a tirar-se, non é de estrañar, tanta altura, agardará ao último momento antes de decidir-se. As chamadas aínda non chegaron onda eles, pero xa se adiviña o resplandor, o fume, o calor abafante. O neno, de apenas un ano,

chora lastimoso, como presentindo o perigo. O home olla ao chan. A multitude de asustados cidadáns rodea o edificio tras os valados instalados pola policia, amordazados pola imposibilidade de facer nada por axudar. Desde aquela altura semellan formigas, unha curiosa grea de formigas asustadas. Despois olla para a porta do cuarto. As labaradas empezan a asomar, como línguas furiosas ávidas de alimento. Ao lonxe escoita-se o resoar de sereas. Pero ve-se que non van chegar a tempo. O lume xa está na habitación, incontíbel, avanzando cada vez máis. Entón o home endireita-se, tensa os músculos. A multitude roxe xordamente. As chamas escintilan contra os cristais misturadas coas luces parpaxantes dos coches de policia e bombeiros. Agora ve-se a silueta do heroi en contraluz. Está ergueito sobre o peitoril da fiestra, co corpiño nos fortes brazos, o vento batendo-lle no rosto e na chombra. E entón, entre o abraio xeral, nun xesto supremo, salta.

O pavoroso incéndio precisou unhas oito horas de árduos traballos para ser controlado, intervindo varias patrullas de bombeiros e coa axuda do exército e da Cruz Vermella. Gracias á súa rápida intervención evitou-se que as chamas se propagasen por outros edificios da rua, perigo que persistiu todo o tempo por causa do forte vento reinante. As perdas foron avaliadas pola empresa en arredor de mil cincocentos millóns de pesetas, sendo infinitamente máis graves as perdas en vidas humanas: catorce mortos polo de agora e case outros tantos desaparecidos baixo os escombros, elevando-se o número de feridos ao cento, algúns deles en estado crítico. Como rasgo de humanidade entre tanto horror merece especial mención o valente comportamento dun xoven que, no intre decisivo, non duvidou en arriscar a súa vida por salvar a dun neno. Descoñece-se a identidade do home, pois non portaba nengun tipo de documentación, só uns borrosos recortes de prensa, non

pertencendo ao vicindário do edificio; supón-se que se trataba dun vendedor ou dun visitante ocasional. Este xoven, sen agardar a chegada dos bombeiros, arroxou-se desde unha fiestra do sétimo andar co neno entre os brazos. O cativo era fillo dunha viciña da quinta planta, a cal resultou tamén salva polo seu propio pé. Ela conta, emocionada, como o xoven chamou á súa porta e, sen mediar palabra, lle arrebatou o fillo dos brazos, sen dar-lle tempo a reaxir nen apenas percatar-se do que ocorria, e fuxiu con el subindo pola escada interior entre as violentas chamas e os berros dos viciños, que bulían aterrorizados cara abaixo. O xoven pereceu no momento da caída a consecuencia do forte impacto contra o chan, mais a vida do neno salvou-se. Até o momento ignoran-se as causas do incendio. En medios oficiais non se comparte a idea apuntada orixinalmente pola empresa construtora, que aludia a unha posíbel sabotaxe, dirixindo as pescudas cara a tal e tal, non descartando-se que isto e que o outro aínda que tamén quizais..